

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Xosé Neira Vilas, a Lois Tobío Fernández do 28/10/1993

Colección:

Data: 28/10/1993

De:

Xosé Neira Vilas;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

San Marcos (local), Bando (parroquial), Santiago de Compostela (municipal)

Destino:

Bonetero, 5, 1º (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada, con sinatura autógrafa e sen membrete].

Mencionados:

Castelao; Anisia Miranda; Fernando Ortiz; Lázaro Peña; José Antonio Portuondo; Raúl Roa; Carlos Tobío Fernández; Xosé Vizoso;

Notas do editor:

O enderezo que consta na carta e no IGI, alí estivo vivindo un tempo tras o seú regreso de Cuba:

Xose Neira Vilas

Instituto Galego de Información

San Marcos s/n - Santiago de Compostela



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcrición da epistola de Xosé Neira Vilas, a Lois Tobío Fernández do 28/10/1993

Santiago, 28 de outubro de 1993
Sr. D. Luis Tobío
Madrid

Meu querido amigo:

A súa fugaz estancia aquí deu tempo para pouco. Por outra banda estivo moi ocupado por esto do Seminario. E eu quixera ter conversado máis.

Quero adicarlle un dos meus artigos do Faro de Vigo dominical, e anque teño a ficha de Vde. que aparece na Gran Enciclopedia Galega, veño a molestalo para ampliar algunhas cousas.

- 1.- ¿Cantos anos estivo no exilio? ¿Foi de 1939 a 1963? Non veu a España en todo ese tempo?
- 2.- ¿Canto tempo estivo na Habana? Xa sei que tivo relacións con Ortiz, Portuondo, Roa. ¿Coo veu o ambiente intelectual cubano de entón, e a solidariedade cos republicanos españois? Xa nos contou que Lazaro Peña, secretario xeral da CTC intercedeu para que seu irmao Carlos fose a Cuba, ¿Foi exactamente así o entendin mal? ¿Como era eso da Escuela Libre creada por vostede e outros –¿os ditos?– na Habana?
- 3.- ¿Como recorda a Castelao en N. York? Algunha anécdota. Xa teño presente que Castelao o presentou a vostede nalgunha conferencia. ¿De que falaba vostede nesa ocasión? ¿Foi máis dunha vez?
- 4.- O seu vínculo cos galegos do Uruguai, e coa audición Sempre en Galiza.
- 5.- Que pensa do Primeiro Congreso da Emigración Galega celebrado en Bs. As. en 1956?
- 6.- ¿Que significou América para vostede?
- 7.- ¿Vai moito por Viveiro? ¿Que significa para Vd. Viveiro?
- 8.- Teño en conta a súa amizade con sefarditas en Bulgaria
- 9.- ¿Que pensa do novo Seminario de E. Galegos?

Todo isto non vai con preguntas e respostas. Sintetizo eu a información e complementoa con outras fontes, como a GEG. Ilustrarei o traballo cunha caricatura moi boa que lle fixo Vizoso (e dixo que a Vde. lle gustara) e coa portada dun libro seu de Edic. do Castro.

Non se tome o traballo de repetir as preguntas. Abonda con que poña os números.

Agardo noticias suas. Disculpe a molestia. Reciba unha forte aperta de Anisia e de seu Xose Neira Vilas [sinatura autógrafa]

Xose Neira Vilas
Instituto Galego de Información
San Marcos s/n - Santiago de Compostela

[na marxe esquerda do folio continúa o texto mecanografado]:

quero engadir:

- 10.- ¿Foi vde. o que propuxo o recorrido a Ortoño en 1923? Sua bisaboa irmá do crego Viojo, era así?
- 11.- ¿De Habana, de Bs. As., de onde as axudas en cartos ó SEG?
- 12.- Foron a pé a Ortoño, anotando cruceiros, etc. Cónteme.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.